



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Corrección de erro material nas bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura dunha praza de oficial albanel fontaneiro

Corrección de erro material nas bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre e mediante persoal funcionario de carreira, dunha praza de oficial albanel fontaneiro que figura como vacante no cadro de persoal do Concello de Fene e foi incluída, en quenda libre, na OEP 2024 (BOP núm. 244 do 19.12.2024).

A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do xoves 16 de outubro de 2025, adoptou o seguinte acordo:

“(…)

PRIMEIRO.- Corrixir o erro material do apartado “Oitavo” do acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 02.10.2025, relativo ao terceiro exercicio, de xeito que:

Onde di:

“TERCEIRO EXERCICIO. Este exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes, consistirá na resolución por escrito, nun tempo máximo dunha hora (60 minutos), dun cuestionario tipo test de 50 preguntas (e 3 de reserva). Cada pregunta contará con 3 respostas alternativas, das que só unha será a correcta. Por cada tres (3) respostas incorrectas descontarase unha (1) correcta. Por cada preguntas non contestadas ou nulas será descontada unha correcta.

As preguntas versarán sobre materias comprendidas no temario do Anexo II.”

Debe dicir:

“TERCEIRO EXERCICIO. Este exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes, consistirá na resolución por escrito, nun tempo máximo dunha hora (60 minutos), dun cuestionario tipo test de 50 preguntas (e 3 de reserva). Cada pregunta contará con 3 respostas alternativas, das que só unha será a correcta. Por cada tres (3) respostas incorrectas descontarase unha (1) correcta. Por cada catro preguntas non contestadas ou nulas será descontada unha correcta.

As preguntas versarán sobre materias comprendidas no temario do Anexo II.”

SEGUNDO.- Proceder á publicación deste acordo nos Boletíns Oficiais correspondentes, consonte ao previsto na normativa de aplicación e as bases reguladoras.

(…)”

En Fene, asinado dixitalmente o 23.10.2025 pola alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso.